

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es**ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO
PLENO MUNICIPAL EN DATA 1 DE XUÑO DE 2018****ASISTENTES:****Presidente:**

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS

D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D^a MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as doce horas do día un de xuño de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Non asiste á sesión D.^a Laura Piñeiro Montes.

**1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA
SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE ABRIL DE 2018. APROBACIÓN.
ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e seis de abril de dous mil dezaoto

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

**2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2018. APROBACIÓN.
ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 3/2018 que comprende as modificacións de crédito necesarias para incluír no orzamento as subvencións correspondentes ao programa de Emprego Local 2018 financiado pola Deputación Provincial da Coruña, por importe de 19.000€, o Fondo de Compensación ambiental 2018 da

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Xunta de Galicia, por importe de 13.657,05€ para o subministro de suxeición de colectores; a subvención da Deputación Provincial da Coruña para a contratación de técnico deportivo na modalidade de prestación de servizos por importe de 5.822,40€; Plan de mellora de camiños municipais anualidade 2018 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por importe de 19.118,00€ e subvención da Xunta de Galicia por importe de 855,26€ subvención da Xunta de Galicia do Programa "Ler conta moito".

O total do expediente ascende á cantidade de 58.452,71€ .

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo solicítase do Sr. Alcalde aclaración sobre o emprego do remanente producido nas baixas de contratación das obras, respostando o Sr. Alcalde-Presidente que producíndose baixas nas partidas de diversas obras que foron contratadas esas cantidades empréganse para facer achegas municipais ao PEL 2018 así como á contratación do técnico deportivo na modalidade de prestación de servizos por importes respectivos de 1.711,91€ e 1.455,60€ .


Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase cales son os camiños que se van arranxar con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Rurais da Xunta de Galicia 2018-2019, respostándolle o Sr. Alcalde-Presidente que se trata de dúas anualidades e que a anualidade 2018 correspóndelle a mellora dos camiños do Barreiro e Pereiro e na anualidade 2019 corresponde o camiño da Corveira e A Lagoa.

Sen máis debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de Modificación de créditos número 3/2018, por importe de cincuenta e oito mil catrocentos cincuenta e dúas e setenta e un céntimos de euro (58.452,71€), que recolle suplementos de crédito con cargo á xeracións de crédito e transferencias de crédito, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIG. INICIAL	SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS	XERACIÓN DE CRÉDITOS	TRANSF.DE CREDITOS	TOTAL CONSIG. RESULTANTE
I Gastos de Persoal	339.977,50€		19.000,00€	+996,91€	359.974,41€

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA
 As Neves, 46-A 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@concellodacapela.es
 Web: www.concellodacapela.es

II					
Gastos en Bens Correntes	804.924,49€	6.677,66€		+2.170,60€	813.772,75€
III					
Gastos Financieros	0,00€				0,00€
IV					
Transferencias Correntes	26.800,00€				26.800,00€
V					
Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.974,11€				4.974,11€
VI					
Investimentos reais	338.466,90€	19.118,00€	13.657,05€	-3.167,51€	368.074,44€
VII					
Transf. Capital	0,00€				0,00€
VIII					
Activos Financieros	0,00€				0,00€
IX					
Pasivos Financieros	0,00€				0,00€
Total	1.515.143,00€	25.795,66€	32.657,05€	0,00€	1.573.595,71€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 15 días hábiles a efectos de reclamacións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

3. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS, ACCESO ÁS FINCAS E CONSERVACIÓN DOS MESMOS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción dun borrador de Ordenanza para a protección dos camiños municipais, en relación coas operacións forestais, accesos a fincas e conservación das mesmas.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que o mencionado borrador foi posto en coñecemento do Consello de Participación Veciñal nunha xuntanza realizada en días pasados e despois de acordo coa normativa vixente fíxose unha consulta previa á veciñanza e sectores interesados a través da páxina web do Concello durante un prazo de 15 días, non se presentando ningunha suxerencia.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que esta norma é moi necesaria para o concello ós efectos de poder protexer os camiños e vías municipais das accións dos maderistas, aínda que considera que vai a ser difícil de cumprir xa que o Concello non dispón de Policía Local nin de persoal específico para a vixilancia.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que efectivamente o maior problema vai a ser o do efectivo cumprimento da ordenanza e considerando ademáis que a solicitude de autorización previa contén moitos datos e que debería ser máis simplificada, ademáis debería pedírselle á Xunta que os permisos que outorgue para as talas se poñan en coñecemento do Concello.

Respóstaselle polo Sr. Alcalde-Presidente que a solicitude de autorización ao Concello pode cumprimentarse perfectamente cos datos da autorización de tala que expide a Xunta de Galicia, ademáis xa se ten solicitado en numerosas ocasións á Xunta de Galicia que enviara copia dos permisos de tala ó Concello, pero sempre se negaron a facelo.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que non ten nada que dicir ó respecto, xa que non tivo tempo ó estudo da ordenanza, o que fará durante a exposición pública da mesma.

Sometido o asunto á votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, (5 votos favor dos Sres/Sra. Concelleiros /a do Grupo Municipal do PS de G- PSOE,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

e tres abstencións dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da Protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais, accesos a fincas e conservación das mesmas.

2º. Expoñer ó público polo prazo de 30 días mediante anuncios a publicar no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello ós efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

3º. No suposto de non presentarse ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos da súa entrada en vigor .

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas dezaoto minutos, de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz